

O contacontos sobre a diversidade da Unión Europea chega a Dodro, Boiro, Rianxo, Rois e Lousame

31 Marzo 2024

Esta primavera (o mércores 3 de abril na Casa da Cultura de **Dodro**; o mércores 10 de abril na Casa da Cultura de **Boiro** ás 18.00 h; o martes 16 de abril ás 18.00 h, o Centro Cultural e Deportivo de **Taragoña** en Rianxo; o 24 de abril no Auditorio de **Rois** ás 18h; e o venres 10 de maio na Casa da Cultura de Portobravo, en **Lousame**, ás 18h) a nosa comarca acollerá a celebración do contacontos *Cóñece Europa con Kalopsia*.

Trátase dun obradoiro de narracións orais que explica ao público infantil dunha maneira sinxela e entretida o *deputación da Coruña*.

A sesión comezará cun achegamento a algúns relatos e libros infantís europeos para coñecer un pouco da tradición literaria da Unión Europea e as diferentes culturas que a compoñen. A continuación, o público poderá escoitar a narración do libro

Kalopsia. Un planeta non tan diferente: descubre Europa desde o espacio exterior, editado pola Representación da Comisión Europea en España. O conto está concibido para que os nenos e nenas coñezan a orixe da Unión Europea e entendan que "a diversidade é un valor que nos enriquece", sinálase dende a organización, engadindo que ao rematar os cativos converteranse en protagonistas e poderán xogar a formar os seus propios países e alianzas.

A actividade contará con intérprete de lingua de signos para garantir a accesibilidade.

O contacontos *Cóñece Europa con Kalopsia* percorrerá quince municipios da provincia da Coruña nos vindeiros meses. Esta actividade forma parte da programación que Europe Direct A Coruña (Deputación) ofrece aos concellos adheridos á rede Europa no teu Concello e poderá verse en Cerceda, Narón, Carral, Dodro, Cariño, Boiro, Pontedeume, Rianxo, A Laracha, Negreira, Rois, Valdoviño, Padrón, Dumbria e Lousame.



Dirixido a nenas/os de 6 a 12 anos
para descubrir a UE dende o espacio exterior
e cun libro de agasallo!



Outros artigos

"Vía Morta" pon o foco na dramática realidade das persoas migrantes e refuxiadas (en Rianxo o día 10 no Auditorio)

24 Abr 2024

O Auditorio de Rianxo vai acoller o vindeiro 10 de maio, venres, a estrea na nosa comarca de *Vía Morta*, de Culturactiva e Pallasos en Rebeldía, co apoio do Concello. Será ás 21.00 horas do venres 10, na Sala Arcos Moldes, con reserva previa a través [formulario](#) ou...

O Concello Rianxo recibe unha axuda de 7.000 euros para mellorar o seu Arquivo

24 Abr 2024

O Concello de Rianxo vén de recibir unha axuda, por importe de 7.000€, para a mellora do seu Arquivo Municipal. A axuda materializouse a través dunha liña de recursos posta a disposición das entidades locais por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación...

O Concello de Boiro celebra o Día da Danza cun espectáculo da Escola de Ballet Cen Plíes

24 Abr 2024

O Concello de Boiro celebra este 28 de abril o Día da Danza na Praza de Galicia cun espectáculo da Escola de Ballet Cen Plíes. A concelleira de Cultura, María Outeiral, presentou este mércores 24 a actividade, que comezará o domingo a partir das 12... horas. Segundo...

Rianxo recibe máis de 32.000 euros para contratar dúas persoas que realicen tarefas de limpeza na rede viaria e nas franxas secundarias

24 Abr 2024

O Concello de Rianxo recibiu unha subvención por importe de 32.215,58€ para a contratación de dúas persoas desempregadas por un período de nove meses e co obxectivo de realizar tarefas de limpeza. A subvención, enmarcada na liña de axudas para o fomento do emprego ne...

PUBLICIDADE

dinahosting
hospeda este espazo web

O PORTAL DA LINGUA GALEGA

REVISTA EN PAPEL



Máis números

OPINIÓN



"Medo e decepción" – José Manuel Pena



"Co marisqueo practicamente paralizado e a pesca baixo mínimos no Barbanza"- Antón Luaces





Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia

Utilizamos cookies para ofrecerche a mellor experiencia na nosa web.
Podes aprender máis sobre que cookies utilizamos na nosa [política de cookies](#) ou desactivalas nos axustes.

Aceptar todas

Rexeitar

Configurar cookies